

Cadros de A. Romero Boelle no Museo Provincial de Lugo

Brais Rodríguez Romero

Resumo: O artigo ten por obxecto desenvolver unha análise pormenorizada das dúas obras do pintor e debuxante lucense Arcadio Romero Boelle que forman parte da colección de pintura de museo provincial de Lugo. A devandita análise inclúe unha breve biografía do artista, situando as obras no contexto da súa traxectoria artística e vital como recurso imprescindible para a mellor comprensión e valoración destas.

Resumen: El artículo tiene por objeto desarrollar un análisis pormenorizado de las dos obras del pintor y dibujante lucense Arcadio Romero Boelle que forma parte de la colección de pintura del Museo Provincial de Lugo. Dicho análisis incluye una breve semblanza del artista, situando las obras en el contexto de su trayectoria artística y vital como recurso imprescindible para la mejor comprensión y valoración de las mismas.

Abstract: This article tries to analyse in detail two works by Lugo born painter and draughtsman Arcadio Romero Boelle whose work is part of the collections at Lugo's Provincial Museum. This analysis includes a short biographical note on the artist, as well as references to his career that will be instrumental for a better understanding of his work.

Introdución

As dúas obras que estamos a comentar forman parte dos fondos de pintura do Museo Provincial de Lugo. Trátase de sendas estampas, obra do debuxante lucense Arcadio Romero Boelle realizadas coa técnica da augada e lapis sobre papel. A primeira delas, «Orballeira na rúa» foi doazón da viúva do pintor no ano 1958, dous despois do seu pasamento. A segunda, «Viejo caserón» foi adquirida polo Museo no ano 1964, tal como consta no Catálogo de Pintura do Museo Provincial de Lugo do ano 1969.



Arcadia Romero Boelle



A. Romero, Celestino F. de la Vega, L. Pimentel, Anxel Fole e Antonio Figueroa

A ligazón de Arcadio Romero Boelle co Museo Provincial de Lugo vén de moi lonxe. Dunha banda, a través de D. Luís Martí, primeiro director que tivo o Museo, quen foi o seu padriño de voda cando casou cunha das fillas do representante de Tabacalera S. A., empresa da que D. Luís Martí era o apoderado. Doutra, pola atracción que sentía polo claustro de S. Francisco, anexo ó Museo e convertido nunha das súas dependencias, que tomou en varias ocasións como motivo dalgunha das súas estampas.

Arcadio Romero Boelle naceu en Lugo no ano de 1908. Dende moi novo as súas inquiredanzas artísticas e intelectuais levárono a integrarse nos faladoiros culturais que se reunían, a partir dos primeiros anos trinta do século pasado, primeiro no Hielo Bar e máis tarde no Café do Hotel Méndez Núñez. Nelas contactou con figuras destacadas das letras e a plástica galegas da época, como Ánxel Fole, Noriega Varela ou Luís Pimentel entre os literatos, e Insua Bermúdez ou Colmeiro entre os pintores, tomando parte activa nalgúns dos proxectos xestados no seo destas, como é o caso da súa colaboración plástica na revista Yunque, fundada por Francisco Lamas e dirixida na súa segunda andaina por A. Fole. Precisamente con Fole, ó que lle unía unha íntima amizade, trazou o proxecto dun libro sobre o Lugo vello en transo de desaparición, de cuxa parte gráfica teríase encargado Romero Boelle. E aínda que o libro non chegou a ver a luz, a pesares de que Fole inclusive chegou a escribir o prólogo, podemos considerar o dito proxecto como o xermolo da temática dunha boa parte das estampas que Romero Boelle levaría a cabo nos anos sucesivos e de cuxo conxunto forman parte as dúas que comentamos no presente artigo.

Ó longo dos anos trinta, e co paréntese da Guerra Civil, Romero Boelle desenvolveu un intenso labor pictórico que acadou o seu cumio coa celebración da Exposición de Estampas Galegas no pazo da Deputación Provincial de Lugo no ano de 1943. A primeira das estampas que comentamos no presente artigo formaba parte da devandita exposición. No 1946 levou a cabo unha nova exposición no Casino de Vigo, á que levou vinte estampas novas, de temática e técnica semellantes ás anteriores.



Anxel Fole, Mouriz, L. Pimentel, M. del Río, Fernández de la Vega, A. Romero Boelle no patio da torre de Xiá, Friol (1956)



Claustro de S. Francisco, visto por Romero

A segunda das estampas que comentamos pertence a este grupo. En ambos os dous casos tivo unha excelente acollida de público e crítica, sendo unánimes todas en sinalar o carácter fundamente lírico nacido da perfecta conxunción entre a temática e o tratamento formal que se lle outorga. No ano 1947 participa na Primeira Exposición Colectiva de Pintores Lucenses organizada polo Círculo das Artes de Lugo na que presenta, de novo con gran éxito de crítica, cinco estampas, entre as que figuraba, unha vez máis, «Orballeira na rúa».

Ademais das colaboracións puntuais como ilustrador en proxectos literarios xestados no faladoiro do Méndez, Romero Boelle levará a cabo unha última Exposición de Pintura Moderna en 1954 na que a súa obra dará un xiro radical, presentando 19 óleos, reproducións de obras coñecidas dos impresionistas franceses, coa intención explícita de dar a coñecer en Lugo a pintura moderna. Ó mesmo tempo, a execución das devanditas copias serviulle a Romero Boelle, artista autodidacta, para perfeccionar o seu dominio da técnica do óleo.

Finou en accidente de tráfico no mes de outono do ano 1956.

«Orballeira n'a rúa»

A primeira das estampas que comentamos titúlase «Orballeira n'a rúa/Choiva n'a rúa» (sic), tal como aparece nos catálogos das exposicións de 1943 e 1946.

Trátase dunha estampa de mediano formato (0,65 × 0,70) realizada coa técnica da augada de tintas alemás e lapis sobre papel. Representa un recuncho da paisaxe urbana do casco vello de Lugo, concretamente unha casa porticada, con balconada corrida no primeiro andar e galería no segundo que obedece á tipoloxía da arquitectura urbana de carácter popular tan abundosa nas vilas e cidades de Galicia, situada ó fondo da Praza do Campo, un dos recantos urbanos máis reiteradamente representados, desde diferentes perspectivas, na obra de Romero Boelle.

Forma parte dun conxunto de estampas de temática similar: paisaxes urbanas ou rurais do Lugo vello e o seu contorno, ou doutros ós que, como é o caso de Portomarín, Romero Boelle estaba especialmente ligado por razóns de índole afectiva e familiar.¹ Concretamente, no conxunto de estampas ás que pertence e que foron presentadas ó público por vez primeira na Exposición de 1943, o predominio dos temas especificamente relacionados co Lugo vello é maioritario: 14 sobre un total de 20.

A perspectiva que artella a composición vén dada pola liña diagonal da fachada da casa e polo trazo serpeante do regueiro de auga que percorre o pavimento de pedra e vai levando ó espectador cara ó interior do barrio da Tinería, conseguindo unha acusada sensación de profundidade espacial.

Os tons predominantes son os ocres, pardos e grises cunha gran diversidade de gradacións e matices, dende o ceo cheo de brétema ó brillo da humidade do pavimento. Con eles Romero Boelle acadou a creación dunha atmosfera melancólica que se ve reforzada pola ausencia da figura humana nunha paisaxe profundamente humanizada.

O debuxo, ó que se subordina completamente a cor, é preciso, nidio e delicado. Caracterízase polo emprego de liñas sinuosas e fluídas, cun claro predominio das curvas que se apoderan, incluso, dos perfís rectos e dos ángulos máis agudos. O resultado é dunha intensa expresividade que reforza a carga lírica que impregna toda a composición, transformando sutilmente volumes e formas sen perder por iso a fidelidade ós máis mínimos detalles da realidade representada, como ben se pode comprobar comparando o motivo fotografado e a estampa elaborada a partir del.

¹ Para máis información sobre os lazos da familia Romero con Portomarín ver J. M. Abel Expósito: «Escudos del viejo Portomarín» en *Boletín del Museo Provincial de Lugo*, t. VIII, vol. II, 1997/98, páxs. 83-124.

Casa orixinal e diversas versións de «Orballeira n'a rúa»



Praza do Campo



Cadro pertencente ó Museo Provincial de Lugo
(Foto cedida polo Museo)



«Diciona»

A segunda das obras titúlase «Diciona», tal como aparece no catálogo da Exposición de 1946 na que foi presentada por primeira vez. Sen embargo, no catálogo de pintura do Museo Provincial de Lugo do ano 1969 aparece como «Viejo Caserón».

O formato empregado é similar ó da anterior e presenta as mesmas medidas de 0,65 × 0,70. A técnica empregada é a mesma tamén.

O motivo representado é unha vella casona aldeá, situada no cumio dun pequeno outeiro e flanqueada por un castiñeiro, de ampla copa e tronco retorcido, e un ciprés lanzal, cuxa verticalidade contrasta coa horizontalidade do edificio, equilibrándoa.

De novo atopámonos ante unha paisaxe real, localizada nunha aldea pertencente á comarca do Incio, situada non moi lonxe da casa paterna da dona do artista, na que pasaron a súa lúa de mel, ocasión aproveitada por Romero Boelle para tomar variados apuntes e fotografías que, como no caso do resto das estampas, terían servido de base ás súas composicións a través dunha posterior elaboración no seu estudio.

Neste caso a perspectiva establécese desde un punto de vista situado na metade inferior do cadro, o que contribúe a reforzar o carácter dominante do castiñeiro que ocupa coa súa copa o cuarto superior dereito do espazo pictórico. O ceo, cargado de grosos nubeiros, acada un gran protagonismo dentro da composición, subliñando o carácter opresivo e dominante da natureza fronte ós elementos humanos. Tamén aquí a ausencia de calquera presenza humana contribúe a resaltar a profunda melancolía que impregna a paisaxe.

A gama de cores empregada amplíase, incluíndo verdes e azuis, ó tempo que os tons escurécense contribuindo a crear una atmosfera opresiva e ameazante en contraste coa serenidade da estampa anterior.

O lapis, igual que no caso da primeira, serve para «terminar» a estampa, adquirindo un papel protagonista e desenvolvendo todo o seu potencial expresivo nos trazos nerviosos e retorcidos que modelan a superficie do terreo e os troncos das árbores.

Por todo o observado ata aquí pódese concluír, sen temor a equivocación, que ambas as dúas obras pertencen, tanto pola técnica empregada como pola temática, a un mesmo ciclo, desenvolvido ó longo dos primeiros anos corenta do século pasado. A meirande parte das estampas que o integran foron dadas a coñecer nas exposicións dos anos 1943 e 1946 mencionadas máis arriba. A proba de que o propio artista o consideraba así témola no feito de que parte das expostas na primeira ocasión foron mostradas de novo na segunda (caso de «Orballeira n'a rúa») como parte integrante dun mesmo conxunto e así o entendeu tamén a crítica publicada na época.²

² Para este efecto pódense consultar as publicadas nos números correspondentes ós primeiros días de novembro de 1943 dos xornais El Progreso de Lugo e Pueblo Gallego, asinadas por A. Trapero Pardo e G. Albarrán Puente, e as publicadas nos números de finais de abril de 1946 nos xornais Pueblo Gallego e La Noche de Vigo. No mesmo criterio abundan os artigos de presentación que se incluíron nos trípticos de presentación de ambas as dúas exposicións, asinadas por Neumandro (A. Fole), Luís Pimentel o L. A. de Málaga (L. Romero Porras) que se conservan en poder dos herdeiros do pintor.

Casa orixinal e diversas versións de «Diciona»



Diciona (O Incio)



Cadro pertencente ó Museo Provincial de Lugo
(Foto cedida polo Museo)

